



Xoán Ramón Alvite

Colaborador de *La Voz de Galicia*, especialista en gandería

► NON TODO O INTENSIVO É MALO, NIN TODO O EXTENSIVO É TAN RENDIBLE E SUSTENTABLE COMO NOS QUEREN FACER CRER

Depende, todo depende

Contan os expertos que esta sociedade se polarizou notablemente nos últimos anos. Sociólogos de certo prestixio xa advirten dos riscos que, para a convivencia, pode ter a radicalización de determinadas posicións en ámbitos coma a política ou a economía. Mesmo noutros non menos significativos coma a educación, a cultura ou mesmo o deporte.

Vaía, que imos camiño de acabar coa medida, co centrismo, co inxustamente ponderado termo medio. Con ese “depende” que tanto identifica os galegos e que, usado no seu debido contexto, vai moito máis alá do tópico simplista co que se nos pretende tachar de indecisos.

É ben sabido que o extremismo nunca foi bo e que, por moito que o tentemos, ningunha faceta da vida pode librarse de quen se empeña en impoñer un só pensamento: o seu propio. Nin sequera unha actividade tan pacífica coma a gandería é capaz de escapar a esta dinámica tan pouco edificante. Ou acaso non lembramos os furibundos ataques que no seu momento –agora parece que volve reinar o sentido común– sufriu o consumo de leite? Por certo, do que pasa coa carne xa nou digo nada, porque ten pinta de ser pouco menos que constitutivo de delito.

En síntese, que algúns parecen dispostos a acabar coa escala de grises. Ou todo é branco ou todo é negro. Renuncian ao termo medio cando, precisamente, este adoita ser sempre o grupo máis numeroso e importante. A simplificación da realidade, baseada nunha profunda ignorancia (engádalle tamén algo de maldade, se quere), é o que ten. Agora mesmo ou es unha granxa modelo extensiva e ecolóxica ou, pola contra, es unha macrogranxa contaminante e maltratadora de animais. Esa parece ser a única clasificación que algúns queren ver. Un tremendo disparate, vaía.

De verdade é tan difícil entender que o que non é extensivo non ten por que ser intensivo ou macrogranxa? Evidentemente, non todo o intensivo é malo, nin todo o extensivo é tan rendible e sustentable como nos queren facer crer. Por certo, só co extensivo non se alimenta o planeta, que non se lle esqueza a ninguén.

Por ilustrar o asunto cuns cantos números, sabía que a media de vacas por explotación en Galicia –primeira comunidade leiteira do país e unha das dez maiores rexións produtoras de Europa– apenas supera as 50 cabezas por explotación? De feito, máis da metade das ganderías galegas non chegan sequera ás 40 reses adultas. Entre as granxas máis grandes –apenas 900 producen máis dun millón de litros ao ano–, a media é de apenas 132 vacas e só media ducia escasa teñen máis de 500 vacas leiteiras. Quero dicir con todo isto que na gandería (si, tamén nisto) existe un enorme termo medio que, polo menos no referente á produción de leite, non é nada desprezable. Pola contra, esa maioría silenciosa produce case un de cada catro litros de leite que se comercializa no Estado. Por se este non fose suficiente argumento, tamén hai que ter en conta que estas explotacións medianas son, por riba, eficientes e totalmente sustentables tanto desde o punto de vista económico coma social e ecolóxico. Asentan poboación no rural, crean riqueza na súa contorna e mesmo xeran emprego a través da contratación permanente de man de obra externa. Tampouco resulta un asunto menor que esta “clase media gandeira” rexistrou, historicamente, as mellores cifras de produción dentro dos programas oficiais de Control Leiteiro, destacando tamén sobre o resto pola excelente calidade hixiénico-sanitaria da súa produción.

Na maioría das comarcas con maior vocación láctea do país, por cada

► AS GRANXAS MEDIANAS SON O SUSTENTO DO SECTOR LÁCTEO ESPAÑOL E AS HERDEIRAS DA FORTE RECONVERSIÓN QUE SUFRIU O SECTOR, PRIMEIRO COA APLICACIÓN DAS COTAS LÁCTEAS E, UN CUARTO DE SÉCULO DESPOIS, COA SÚA DESAPARICIÓN

granxa grande –que non macrogranxa– hai cincuenta medianas que loitan cada día para manterse en activo desde hai décadas, explotacións que foron medrando de forma lenta e progresiva, con continuos (en ocasións obrigadas pola forte presión da industria e a distribución) investimentos que viron a luz grazas á enorme capacidade de esforzo e sacrificio dos seus titulares.

As granxas medianas son o sustento do sector lácteo español e as herdeiras da forte reconversión que sufriu o sector, primeiro coa aplicación das cotas lácteas e, un cuarto de século despois, coa súa desaparición.

Neste sentido, cada vez resultan máis incomprensibles algunhas das iniciativas que se están lanzando desde algunhas administracións, onde, contra toda lóxica, só se valora e se ten en conta o criterio de se os animais saen ou non ao campo. Sen ir máis lonxe, a recente normativa relativa á ordenación das granxas bovinas nas que, a pesar das alegacións presentadas por algunha comunidade autónoma e diferentes asociacións profesionais agrarias, se opta por clasificar os establos por número de animais sen atender outros criterios tan relevantes coma o sistema de explotación ou –isto é imperdoable– a cantidade de superficie agraria útil dispoñible pola explotación. Un real decreto máis adaptado á realidade das explotacións avícolas ou porcinas industriais que ao lácteo e no que, por certo, non se define sequer o concepto de ‘macrogranxa’, que tan seu fixeron ministros do actual Goberno, coma o señor Garzón. Evidentemente, ao non saber seguro a partir de cantos animais se estaría a falar de macrogranxa, a resposta ten que ser, se mo permiten, á galega: pois depende. Do que se lle ocorra a cada un, é de supoñer.

Neste asunto das granxas tampouco quería esquecerme dalgunhas indus-

trias lácteas, moi súas para segundo que cousas do márketing. Todo sexa, dito de paso, co compadreo por acción ou omisión das administracións que llo permiten. Porque teñan claro que unha porcentaxe enorme das granxas coas que traballan son explotacións medianas, eficientes, sustentables, con bos animais e mellor leite; a inmensa maioría, en réxime intensivo.

Con todo, seguen apostando por aproveitarse do escaso grao de coñecemento da realidade que teñen a maioría de consumidores para tentar convencelos de que todo o leite sae de catro vacas felices que pastan nun prado. Quizais algún día haxa que falar máis polo miúdo do fabuloso e inimitable leite de pasto ou de pastoreo, ese que se consegue con vacas que pastan uns 150 días ao ano e con, polo menos, o 55 % da forraxe cultivada na propia explotación, aspecto este último que, por certo, cumpren o 100 % das granxas medianas, polo menos as galegas, onde a produción láctea está vinculada ao cultivo da terra. Un aspecto moi determinante que aquí, con tanta preocupación exclusiva polo número de animais, ás veces esquecemos salienta.

Así que xa saben. Non se deixen enganar polas cousas que din algúns. Non todo é branco ou negro, coma as vacas pintas. En case todo hai matices, termos medios ou, se o prefiren, un simple “depende”. ■